

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DO: "MODIFICADO DO PROXECTO DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CANIL SITUADO NO PARQUE DA MILAGROSA", PARA LEVAR A CABO A FINALIZACIÓN DE DITAS OBRAS.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 7-2024, por un importe total de 38.143,91 €, dentro do vixente orzamento municipal do 2024, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas do: "**Modificado do proxecto das obras de renovación do canil situado no Parque da Milagrosa**", co fin de recoller neste modificado de proxecto, as actuacións necesarias para levar a cabo a finalización de ditas obras, unha vez analizados os danos ocasionados polos imprevistos acaecidos pola retirada dunhas árbores con grave risco de caída por estar afectadas por fungos e non estar contemplado no proxecto orixinal e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2024/178, de data 21.02.2024, así como os RCMOD núms: 2024/10915 e 2024/10916 de data 21.02.2024, por importe de 38.143,91 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 38.143,91 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P</u>	<u>IMPORTE €</u>
17100.22699 17100.22706	3.143,91 € 35.000,00 €	17100.60900	22XX00012	38.143,91 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	38.143,91 €	TOTAL INCREMENTO DE		38.143,91 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac2411912397399015832.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 7-2024 Remate obras en canil

		CRÉDITO		
--	--	---------	--	--

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.